

A poesía de Blanco Amor ante a crítica do seu tempo

Ramón Nicolás Rodríguez

RESUMO

Ensombrecida pola importante obra narrativa que escribiu Eduardo Blanco-Amor, a súa poesía ficou sometida a unhas poucas opinións e clichés que a crítica foi transmitindo sen pararse moito a facer reconsideracións e novas lecturas, ata hai poucos anos, cando se lle dedicou o Día das Letras Galegas (1993). O autor do estudio resitúa esta problemática exhumando textos críticos e escritos varios, incluídas varias cartas, nos que a poesía do autor ourensán se nos vai perfilando como unha das grandes aportacións á lírica galega contemporánea. Como Apéndice reproducécese eses textos na súa versión orixinal e completa.

ABSTRACT

The poems written by Eduardo Blanco-Amor have been darkened because of his important narrative fiction. Those poems have been subjected to some stereotyped opinions and the critics have never reconsidered Blanco-Amor's poetry until quite recently, when the *Día das Letras Galegas* was devoted to him in 1993. Ramón Nicolás Rodríguez gives an account of this matter by analysing some critical texts and letters in which the poems by Blanco-Amor are considered as one of the main contributions to contemporary Galician poetry. An appendix reproduces the original version of the texts and letters studied.

Atención deste traballo non é outra que a de dar a coñecer cáles foron as principais liñas de sentido que rexeron a recepción da produción poética de Eduardo Blanco-Amor en lingua galega. Deste xeito, procuramos expoñer cá foi o tratamento crítico que a súa poesía galega recibiu, analizando a propia opinión do escritor ourensán verquida en prensa ou no seu epistolario, as primeiras referencias verbo dos seus poemarios que rastrexamos en revistas e xornais, soportes efémeros de seu e que quizais o resultaron aínda máis pola nosa singular dinámica cultural e social, para pasar logo ás reflexións que a súa produción poética mereceu nos manuais literarios ó uso ata o ano 1993, data na que se lle homenaxeou cumpridamente.

Contra o que se repite, ou se viña repetindo con certa teimosía, non foron escasas as liñas –polo menos aquelas ás que nós puidemos acceder– dedicadas a salientar os valores ou, no seu caso, a manifestar os deméritos da súa produción poética, sobre todo en prensa e revistas especializadas da época. Atención que

significativamente descende do seu primeiro ó seu derradeiro poemario, o que provocou, ó noso xuízo, o singular desinterese que a súa obra poética provocou nos manuais historiográficos da nosa literatura, e incluso esa reiteración insistente de determinadas impresións estéticas nas que poucas veces se entrou a valorar a súa verdadeira pertinencia.

Cómpre apuntar, como o lector advertirá, que o contido e a orientación crítica de moitos dos textos nos que aquí repararemos móstransenos desfocados, as máis das veces, pola querencia ou rexeitamento que a súa personalidade complexa provocase no reseñista; velaí a causa de que atopemos comentarios en prensa que responden a auténticos cantos laudatorios e hiperbólicos que non entran nunha valoración obxectiva da obra a analizar ou, polo contrario, que verifiquemos a existencia de recensións orientadas cara a establecer un estado de opinión que se rexe por factores puramente extraliterarios.

É a nosa intención, pois, agrupar tales referencias e dalas a coñecer¹, comentalas con brevidade e acrecentar unhas sinxelas conclusións. A súa poesía, pensamos, se ben non acadou histórica nin canonicamente a categoría e mesmo a transcendencia da súa obra narrativa, xornalística e dramaturxica si é merecente dunha atención crítica máis rigorosa e profunda da practicada ata hai ben pouco tempo².

Eduardo Blanco-Amor diante da súa poesía

Case resulta un lugar común afirmar que, cando menos ata o ano 1993, o interese que espertou a análise e mesmo recepción crítica da poesía de Eduardo Blanco-Amor sempre se mantivo nun plano secundario respecto dos outros xéneros literarios por el practicados, e que ben pouca atención se lle veu prestando a prol das súas mostras narrativas e mesmo dramaturxicas, hoxe canonizadas.

1. No apéndice deste traballo ofrecemos algúns dos textos que se citan e que consideramos útiles e significativos para a recepción da súa poesía. Así, incluímos desde textos pouco coñecidos e non exhumados ata agora de Eduardo Blanco-Amor ata as referencias críticas máis salientables, e mesmo parte das mostras do seu epistolario de circulación restrinxida que puidemos conseguir. Os textos recupéranse por orde alfabética.

2. Con todo, ó longo do ano 1993 e en anos posteriores, apareceron diversas análises que viñeron reivindicar esta faceta creativa con rigorosidade. As máis salientables foron: Victoria Alvarez Ruiz de Ojeda, *Entrevistas con Blanco-Amor*, Vigo: Nigra, 1994, pp. 123-146; Xavier Carro, *A obra literaria de Eduardo Blanco-Amor*, Vigo: Galaxia, 1993, pp. 47-62; Xosé Manuel Dasilva, «Apostilas a dous sonetos exóticos de Blanco-Amor», en *Día das Letras Galegas. Eduardo Blanco Amor*, Santiago: Universidade de Santiago de Compostela, 1993, pp. 45-72; Xosé M^a. Dobarro, «Un poeta aínda por coñecer», en *A Nosa Terra. Eduardo Blanco Amor. Letra, terra e liberdade*, Vigo: A Nosa Terra, 2^a ed., pp. 93-98; Carlos L. Bernárdez, «Sinfonía en catro tempos. A poesía», en *Eduardo Blanco Amor. Sempre en Auria*, Vigo: Xerais, 1993, pp. 87-101; Arcadio López Casanova, «A poesía de Eduardo Blanco-Amor», en Anxo Tarrío, (coord.), *Eduardo Blanco-Amor. Día das Letras Galegas*, Lugo: Xunta de Galicia: 1993, pp. 67-96; Francisco Fernández del Riego, *Blanco Amor. Emigrante e autodidacta. A súa vida literaria*, Vigo: Ir Indo, 1992; Pérez, L., «Sempre en Auria. Unha aproximación biográfica a Eduardo Blanco Amor», en *Eduardo Blanco Amor. Sempre en Auria*, Vigo: Xerais, 1993; ídem, «Blanco Amor. Obra literaria» en *Eduardo Blanco Amor (1897-1979). Unha fotobiografía*, Vigo: Xerais, 1993. Francisco Rodríguez, *Eduardo Blanco-Amor. O desacougo da nación negada*, Vilaboa: Ed. do Cumio, 1993; Anxo Tarrío, *Literatura galega. Aportacións a unha Historia crítica*, Vigo: Xerais, 1994, pp. 268-271; Dolores Vilavedra, (Coord.), *Diccionario da Literatura Galega I. Autores*, Vigo: Galaxia, 1995, pp. 79-80.

Mais o autor de *Xente ao lonxe*, nunha colaboración periodística que ve a luz en *La Región* en 1979³, tras participar no acto de presentación da segunda edición do poemario *Firgoas* de Manuel Luís Acuña, articula unhas notas sobre aquel libro actualizando, asemade, o mundo literario de preguerra no que el participou activamente. Nesta, e noutras colaboracións coma prólogos, entrevistas, intercambios epistolares, etc., advírtese doadamente o ton confesional e por veces agre das súas confidencias testemuñais sobre a súa participación naquel ambiente literario e cultural que abrangue o período comprendido entre os anos vinte ata mediados da década dos trinta, lembrando, como aquí se fai saber, a acollida pública dos seus dous primeiros libros de poesía para deixar explícita a súa discordancia respecto dos xuízos estéticos que os seus versos provocaron.

No texto ó que nos referimos subliña que no ano 1928 apareceran os seus *Romances Galegos*, apuntando a continuación:

Apuxéronlle reiteradamente influxos de Amado Carballo, cando a verdade é que todo o libro (menos un cativo apartado que leva por título «Toda humilde beleza», patente homenaxe a Carballo) estaba escrito entre os anos 1922-24.

A continuación sinala que no ano 1933 puxo en circulación en Buenos Aires o *Poema en catro tempos* que, en edición privada e non venal, se imprimira dous anos antes e mesmo xa se distribuía en Galicia, engadindo significativamente:

A distancia temporal e a serenidade que da a vellez autorízame a queixarme de que esta obra foi despachada pola crítica como suburbial e serodia do modernismo, sin entrar no seu sentido nin xiquera na súa notoria novidade estrutural. Tempo virá, que aínda non veu, en que se enxerguen estos asuntos con máis certa intuición, sortindo do home-poeta e non do poeta como mero dato cronolóxico inxerido no mecanicismo das conclusións académicas, que eso é arestora a nosa crítica aboiando entre a filoloxía, a historiografía e aínda a antropoloxía.

Nun artigo anterior, o propio Blanco-Amor⁴, maniféstase acedamente sobre a cuestión da crítica que aquí nos ocupa:

Sobre las letras gallegas pesa esa grande y antigua calamidad: la falta de una crítica adecuada a sus momentos estelares, a la altura de sus producciones señeras.(...) Con la producción gallega de hogaño viene sucediendo algo parecido. Su calidad suele ser buena, excelente en algunos casos; pero le sucede algo que es bastante peor que carecer de crítica; la tiene, pero turbiamente «comprometida». Esta generación, de apariencia y proclamación tan libérrima, nace asimismo con sus capillitas, sus turiferarios, sus probostes, sus acólitos, sus catequistas y sus repentinos conversos. El que se halle fuera de su «realismo social», de su «protesta»; bien adobada de comerotas y

3. Eduardo Blanco-Amor, «Nota sobre <<Firgoas>> de Manuel Luís Acuña, *La Región*, maio de 1979.

4. Eduardo Blanco-Amor, «Juicio a Cunqueiro», *La Región*, 8 de abril de 1965.

queimadas, o marginado mediante a consagración momificada, como un homenaxe, casi póstumo a la inofensividade, pode darse por inexistente. Para escribir con talento e sensibilidade antes hai que «firmar» para certos supostos ideolóxicos ou declararse reaccionario.

Frecuentes foron, así, as ocasións nas que Blanco-Amor se referiu a ese estado de indefensión e pouca rigorosidade que el sentiu respecto da crítica do seu tempo, en especial no que atinxía ás liñas que sobre a validez e categoría da súa propia palabra poética se verteron en distintos ámbitos e circunstancias sobre as que máis adiante volveremos. Permítasenos lembrar un suceso anecdótico, que quizais poida ser significativo no que se refire á valoración da poesía do noso autor: Neumandro, pseudónimo de Ánxel Fole, nun artigo publicado en *El Progreso*⁵ poucos días despois do falecemento de Blanco-Amor e dedicado a evocar a súa figura, apunta a existencia dun epigrama que hoxe, mercé ao traballo de Gonzalo Allegue⁶ sabemos que probablemente se tratara dun irónico discurso fúnebre realizado por Ramón Suárez Picallo. Mais Fole apuntaba:

Me lo presentó Julio Sigüenza, compañero suyo de tertulia de intelectuales en Buenos Aires. ¿Sería este poeta el que había escrito aquel irónico epitafio de la futura tumba del autor de *Poema en cuatro tempos*?...

«Aquí yace Blanco Amor...
¡Ningún poeta pasado fue peor!»

Pero el citado libro decía, bien a las claras, que Blanco Amor era un poeta nada desdeñable, aunque su verso no valiese lo que su prosa. Un gran rato de charla en el café Marinada. Y la risa nos quedó en los labios cuando nos despedimos. Y, al despedirse, me dijo: —Este Sigüenza es como un paraguas mojado: se le deja en cualquier parte... ¿Sería aquella frase la réplica al epigrama de Sigüenza, entonces redactor de *El Pueblo Gallego*?

Fica patente, pois, a pexorativa sona que Blanco-Amor gozaba como poeta e, xa que logo, o absoluto desengano que sentía por aquela crítica que el tan ben coñecía. Mais, ¿como o tratou a crítica?, ¿por que esta teimosía en subliñar o papel e o prisma errado ou desatención, cando non desprezo, co que se ollaba a súa produción poética? Debrucémonos sobre ela e vexamos, daquela, cál foi o tratamento que esta lle deparou, desde as súas primeiras referencias.

Romances galegos (1928)

A primeira noticia dos *Romances galegos* fornecía o semanario nacionalista *A Nosa Terra* cando, despois de saudar o retorno á Terra deste emigrado, un redactor anónimo⁷ apunta:

5. Neumandro, «Eduardo Blanco Amor», *El Progreso*, 9 de decembro de 1979.

6. Gonzalo Allegue, *Eduardo Blanco Amor. Diante dun xuíz ausente*, Vigo: Nigra, 1992, p. 226. O epígrafe de Picallo presenta certas diverxencias que non afectan ao sentido xeral do epitafio: «Aquí yace Blanco Amor / cualquier poeta enterrado fue mejor».

7. Sen asinar, «Eduardo Blanco Amor», *A Nosa Terra*, nº 255, 1 de novembro de 1928.

Con Blanco Amor chéganos tamén o seu derradeiro libro *Romances Galegos* imprentado en Bós Aires, Blanco Amor en corpo i-esprito. Chegan a Galicia, á sua patria ben amada, ao mesmo tempo. É l a se nos amosstrar e a enmeigarnos co-a súa charla galega, extraordinariamente culta, á falarnos da autuación detallada dos batalladores irmáns da Arxentina e á se saturar de arume patrio. O seu libro, á confirmarnos o enorme e exquisito poeta que é o autor. Os dous a facernos vibrar en galeguismo, en entusiasmo, en expresións divinas de patriotismo, cultura e arte.

Ese mesmo ano o devandito semanario dará acollida á reprodución dun longo artigo que Risco publicara en *A Aguia*, do Porto, co título de «Da Galiza renascente». Aí, o ideólogo ourensán, realiza un repaso pola actualidade cultural con especial atención á literaria. Cando aínda non se coñecía a publicación do primeiro poemario de Blanco-Amor, Risco propón clasificar ós poetas contemporáneos agrupándoos en: (a) as figuras derradeiras da Era dos Precusores: Eladio Rodríguez González e Manuel Lugrís Freire, (b) a poesía da «xeración media» que conta ao seu xuízo con catro grandes poetas: Ramón Cabanillas, Noriega Varela, Gonzalo López Abente e Victoriano Taibo e, por último, (c) respecto de Blanco-Amor, ao que sitúa como o primeiro entre os do seu grupo recuperando mesmo as versións de «Sonatas ao romantismo» e «Orballo», xa publicadas en «Nós», manifesta:

Os demais son ja poeta novos. En Buenos Aires, e formando parte do agrupamento que publica a revista *Céltiga*, está Eduardo Blanco Amor, que é d'Ourense. É un dos nomes a quen mais debe a renascentza galega polo seu labor incansable de propaganda e criador na colectividade galega da Argentina. Con Ramón Suárez Picallo, Rial Seixo, Julio Sigüenza, A. Zapata García e outros, leva o peso da propaganda e organización galeguista na América do Sul. Como poeta, junta as derradeiras notas do simbolismo coas mais tolerábeles do avanguardismo n-unha forma lírica esquisita, e c' un sentimento inteiramente persoal⁸

Mais axiña verá a luz a primeira recensión a *Romances galegos*. Trátase dun texto anónimo, unha colaboración en clave laudatoria que se sitúa tralo comentario, realizado polo mesmo responsable, de *Ontes*, de Correa Calderón, e máis de *O galo*, de Amado Carballo, subliñando a diferente estética que domina o libro do ourensán. Do seu primeiro volume de poesía reitérase a filiación respecto da poesía neotrobadoresca, insistindo tanto no seu bo facer artístico produto da súa formación coma na querencia polo simbolismo que se adxectiva como «adiantado», para finalizar aducindo:

Sobresai, cecais, Blanco Amor, nos poemiñas breves de moito esprito, e ademais vese que pra il a poesía non é un xogo, embora algunhas veces queira parecelo. Saille de moi fondo, e obedece a unha necesidade. No libro hai cousas de moitos tempos e de moi difrente caraute. É por iso un libro variado e de fondo intrés psicolóxico. A versificazón é tamén variada, rica e abelenciosa, con mestranza e dominio do idioma⁹

8. Vicente Risco, «Da Galiza Renascente (proseguimento)», *A Nosa Terra*, nº 253, 1 de outubro de 1928.

9. Sen asinar, «Romances galegos por Eduardo Blanco Amor», *Nós*, nº 59, 15 de santos de 1928. Vid. apéndice.

As páxinas de *El Pueblo Gallego* darán acollida a dúas reseñas máis. A primeira procede da pluma de Antón Villar Ponte¹⁰, que deseñará un esquemático e sucinto repaso polo estado da lírica galega do seu tempo. Tras unha longa introducción na que consigna o que a nosa literatura ten de tradición e mailo esplendoroso momento que, ao seu xuízo, está a pasar a lírica galega do momento, dedicará unhas liñas a reseñar outros volumes relevantes que se publicaran naquel ano, dedicándolle a Blanco-Amor e mais ós seus *Romances galegos* unhas palabras gabanciosas das que escolmamos a harmonización acadada entre «tradición» e «modernidade», a heteroxeneidade e o poder de suxestión da súa palabra poética.

O director e fundador de *El Pueblo Gallego*, Manuel Portela Valladares, baixo o pseudónimo de Johán de Loira¹¹, afondará nas loanzas do poeta, construíndo un discurso crítico evasivo no que atinxe aos valores reais e obxectivos do poemario para se centrar tan só naqueles aspectos máis impresionistas, como son a procedencia e orixe do autor. No que se refire ao poemario, soamente sinala, sen maior profundidade, a súa vinculación cos «canzoeiros do século d'ouro deica aos avances mais pronunciados de vangarda».

Augusto María Casas¹² ofrecerá tamén unha das notas críticas da época que máis se poden achegar á elaboración dun xuízo obxectivo. Tras unha introducción na que contextualiza a actividade intelectual de Blanco-Amor, apunta as que, desde a súa opinión, parecen ser as fontes principais deste volume, isto é, os *Cancioneiros*. A continuación engadirá «no se ha dejado llevar por las peligrosas diabluras de vanguardia», contradictorio, pois máis adiante rastrexará a presenza de pegadas vangardistas nesta obra—un dos aspectos máis negativos para o reseñista—concluindo que isto irá situalo alén do «enxebriismo» que el considera preciso para a lírica do momento.

Outro importante grupo de contribucións críticas apareceron na prensa galega da emigración onde adoito xurdiron referencias a este primeiro libro. Así, puidemos constatar a existencia de cando menos cinco apuntamentos homoxeneizados pola característica do anonimato e que por orde cronolóxica serían os que a continuación se sinalan.

Na revista *Céltiga*, aparecerá, baixo o título de «El momento de Galicia»¹³, unha reseña que suscitaría, anos despois, acedas críticas por parte da revista *A Fouce*, voceiro oficial da «Sociedade Nazionalista Pondal», provocadas fundamentalmente polas suspicacias ou sospeitas que levantaban uns textos «anónimos» nunha revista na que Blanco-Amor ocupaba un destacado papel como director, ao lado de Rial Seijo e Ramón Peña e que, xa que logo, desde fóra se lle atribuían a el mesmo. Velaí cómo a súa actividade poética é a que desencadea boa parte dos ataques persoais que sofre, acusándoo en ocasións de plaxio, alén doutros comentarios que

10. Antón Villar Ponte, «Los progresos de nuestra lírica», *El Pueblo Gallego*, 3 de novembro de 1928.

11. Johán de Loira, «Romances galegos por Eduardo Blanco Amor», *El Pueblo Gallego*, cito por *Céltiga*, nº 95, 19 de decembro de 1928. Vid. apéndice.

12. Augusto M^a Casas, «Blanco Amor y su romancero», *La Zarpa*, s/d, 1928. Vid. apéndice.

12. Sen asinar, «El momento de Galicia», en *Céltiga*, nº 90, 25 de setembro de 1928. Vid. apéndice.

13.



Masiá

censuraban incluso o seu comportamento sexual e a actividade profesional que desempeñaba, como se pode observar nalgúns textos do apéndice, datados dous ou tres anos despois destas recensións que agora comentamos. Mais, volvendo a «El momento de Galicia», cómpre sinalar que presenta un comezo ben semellante ao apuntado liñas arriba de Portela Valladares, isto é, salientase a actividade intelectual desempeñada por Blanco-Amor na emigración para logo subliñar a dependencia da súa poesía co mundo medievalista, situándoo perto dos modelos clásicos e dos trovadores galego-portugueses, unha poesía que prescindiría do que aquí se denomina «volatinismo modernista», chegando a afirmar que con el se inaugura oficialmente a «nueva era de los emigrantes en Argentina». Unha reseña, en fin, que máis semella unha reflexión sobre as causas e a actualidade da emigración galega a Arxentina ca unha interpretación dos valores literarios.

Nesas mesmas páxinas aparecerá un comentario asinado polo pseudónimo «Critias»¹⁴ –segundo *A Fouce* corresponderíase presumiblemente ao propio Eduardo Blanco-Amor– máis centrado agora na eséxese dos valores de *Romances galegos*. O reseñista confésase amigo do poeta e de aí xurdirá a dificultade do seu labor crítico; de tódolos xeitos salientará a construción clásica do poemario e a ductilidade do verso que se «calca con blanda morbidez sobre las curvas del sentimiento inspirador». Tras unha distinción entre o «clásico» na literatura galega e na española, Critias afirma que a intención do ourensán sería a de rehabilitar o clásico galego valéndose da atención prestada aos Cancioneiros que conxuga cunha sensibilidade moderna –no que atinxe aos romances e ao bloque titulado «Amor»–. Respecto dos «Noiturnios», subliña a súa vinculación cos simbolistas franceses e mesmo cos saudosistas portugueses, o tributo rendido a Amado Carballo –que tan lastroso sería por outra parte– aínda que xa se manifesta algo que, como vimos, constantemente reiterará o propio Blanco-Amor:

Debemos decir, no obstante, que muchos de los pequeños poemas que se reúnen bajo este título, estaban escritos antes de la aparición de *Proel*.

Para concluír cunha curiosa advertencia sobre o exemplo que aquí nos deixa o autor, ben afastado do que sería o verso combativo e racial de Cabanillas:

Por otra parte ya no se advierten en este libro encalmado y sobrio, aquellos rumores, fragores y clamores de batalla, que parecían constituir la nota obligada del galleguismo en muy buena parte de los poetas de la tierra gallega.

O xornal americano *La Prensa* publicará unha notiña anónima¹⁵, logo recollida por *Céltiga* no que se converterá nunha práctica habitual para aquela revista galega da emigración que acollería distintos xuízos dos libros de Blanco-Amor. Esta é unha reseña sen interese aparente, debida probablemente a un lector alleo á nosa tradición, onde se percibe unha maior atención cara á potencialidade sentimental e

14. Critias, «Romances galegos», *Céltiga*, nº 92, 25 de outubro de 1928. Vid. apéndice. Aí tamén recollemos tres textos baixo pseudónimo -Xustobén, Critios e Don Breixo- publicados na revista *A Fouce*, ben elocuentes de seu.

15. Sen asinar, «*Romances galegos* por Eduardo Blanco-Amor», en *La Prensa*, s/d, cito por *Céltiga*, nº 93, 10 de novembro de 1928.

emotiva da nosa lingua que ós aspectos literarios dos que só se sinalan vagamente o sentimento delicado que revelan, o ambiente galante que os domina, a musicalidade que desprenden, etc. Reproducimos aquí a última liña da colaboración que resume acaidamente o espírito da colaboración:

Un libro ameno y feliz en todo concepto es el que publica Blanco-Amor pues recuerda las pintorescas tierras de Galicia en sus aspectos más característicos.

Por outro lado, a que supoñemos revista cultural sudamericana *Caras y caretas*¹⁶ recolle unha nota na que tamén insiste na potencialidade musical destes poemas que se vinculan, de novo, coa tradición popular e medievalista.

Máis relevante e significativa resulta, ao noso entender, a recensión aparecida no diario bonaerense *La Nación*, na que, tras destacar a importancia da publicación deste libro no seo da colectividade galega emigrada, da que se fai un xuízo no que respecta ao fenómeno migratorio como medio de solución para o subdesenvolvemento económico e social de Galicia, engádesse que o libro de Blanco-Amor viría a converterse nun aviso da mudanza ideolóxica e cultural operada nesta colectividade.

Do libro destácanse a vinculación que mantén respecto do sentimento da saudade e melancolía e mesmo a «rabiosa actualidade», quer dicir, o vangardismo que aparece denominado como «caprichos modernistas», e cos que curiosamente o reseñista disente pois, dende a súa óptica, a lingua galega, polo seu «sabor arcaico»:

... sus acentos sólo armonizan bien con la poesía lírica de carácter pastoral, que debe ser, y que es, sin duda, la voz natural del alma gallega¹⁷.

Recuperamos aquí, asemade, dúas cartas persoais dirixidas a Blanco-Amor que foron extraídas do seu epistolario e que conteñen referencias a *Romances Galegos*. Unha débese a Alfonso Reyes –un adúlador acuse de recibo–, e outra máis interesante do poeta Antonio Rey Soto, con quen mantivo sempre un longo e celmoso diálogo epistolar, e desde a que se salienta a emoción que sentiu ao ler a súa poesía¹⁸.

Por último, é preciso concluír que *Romances Galegos* foi obxecto de numerosas reseñas –quizais sexa o libro que máis atención atraeu de tódolos publicados neste xénero–, as máis delas gabanciosas, pero sempre arrandeando entre o saúdo do libro coma un auténtico fito cultural por editarse na Arxentina, e a manifestación da súa heteroxeneidade, a filiación co medievalismo, cos «Cancioneiros» e por veces co neo-trobadorismo, alén da vinculación con algunhas prácticas vangardistas –por veces contestadas– que unirían tradición e modernidade e mesmo o peso do

16. Sen asinar, «Romances Galegos por Eduardo Blanco Amor», en *Caras y Caretas*, cito por *Céltiga*, nº 93, 10 de novembro de 1928.

17. Sen asinar, «Romances Galegos por Eduardo Blanco Amor», *La Nación*, cito por *Céltiga*, nº 94, 25 de novembro de 1928. Vid. apéndice.

18. Vid. ámbalas dúas no apéndice.

popular xunto coa asimilación do simbolismo francés e mailo saudosismo portugués. Aspectos que adoito se conxugaban para subliñar esa recorrente opinión que pasaba por remarcar a omnipresencia da estética de Amado Carballo, como sabemos sempre discutida polo propio Blanco-Amor. En definitiva, unha serie de opinións que, curiosamente, se reiterarán nos comentarios críticos que nos agardan.

Poema en catro tempos (1931)

No ano 1931 édítase en Bos Aires o seu segundo libro de poesía baixo o título de *Poema en catro tempos*. Será Antón Villar Ponte¹⁹ o responsable da primeira reseña, polo que parece perfectamente informado daqueloutro artigo publicado en *La Nación*, e hoxe ben coñecido, onde Eduardo Blanco Amor explotaba magnificamente o tema da súa experiencia marítima que semellara servir de motivación para a elaboración deste poemario. Villar Ponte establecerá o que para el son as principais liñas de sentido dos poemas: o entretecido entre a esencia da nosa lírica e o creacionismo de Huidobro, e a articulación dun poema sinfónico onde a traxedia dun mariñeiro náufrago se desenvolve cos instrumentos da orquestra do mar rendéndolle homenaxe a algo tan sinxelo como a épica marítima cotiá. Por último, insiste na categoría dos versos salientando a excepcionalidade da «Marcha fúnebre» para concluír coa vinculación e exaltación manuelantoniana que aí se percibe²⁰.

Ricardo Carballo Calero, na «Ollada encol da poesía lírica galega contemporánea»²¹, non fará mención ao *Poema en catro tempos* e, polo contrario, incluír á Blanco-Amor como discípulo da estética practicada por Amado Carballo, ó lado dos poetas Xulio Sigüenza e Emilio Mosteiro. Nesa mesmas páxinas, o propio Carballo asinará unha recensión que se detén, nun inequívoco ton laudatorio, neste libro, palabras que máis tarde matizaría como teremos ocasión de puntualizar. Nesta ocasión Carballo apunta a pertinencia de clasificar a Blanco-Amor como poeta «modernista», dun modernismo «non puro», aberto a singularidades exclusivas. Enlaza, pois, parte de *Romances Galegos* coa liña herdada de Amado Carballo, aínda que apunta que a súa auténtica relación se establecería cos poemas de Baudelaire, Verlaine, Rimbaud, Mallarmé, Rubén Darío, pero cun acento propio, para concluír sinalando que:

Poema en catro tempos, sinfonía do mar, de escelente orquestración, é, no intento, un poema de vangarda; mais no ritmo, na idea, no espírito, se trasluz unha esencia menos avanzada, a esencia de aquela estirpe poética de que é criatura Blanco Amor. Ninguén nos tempos modernos, agás Manuel Antonio, cantara en galego tan amorosamente ô mar. Se non houbera escrito *De catro a catro*, *Poema en catro tempos* marcaría un fito na historia da nosa lírica.²²

19. Antón Villar Ponte, «Un poema del mar», recollido en *Pensamento e sementeira. Leiciós de patriotismo galego*, Buenos Aires: Ed. Galicia, 1971.

20. En carta persoal de Angel Aller -vid. apéndice- a Eduardo Blanco Amor, reitéranse as singularidades deste poema.

21. en *Nós*, nº 87, 15 de marzo de 1931.

22. Ricardo Carballo Calero, «Eduardo Blanco Amor: *Poema en catro tempos*», *Nós*, nº 108, 15 de xuño de 1932. Vid. apéndice.

Máis tarde, será Carballo²³ quen recense brevemente *Poema en catro tempos*, pero neste caso glosándoo sen demasiada profundidade, definíndoo vagamente, malia afirmar con rotundidade que foi o seu libro preferido daquel ano:

Poesía de esquerda moderada, poesía gubernamental dentro do parlamento da opinión galega entendida, é a dos outros dous libros de poemas, debidos repetivamente a Augusto Casas i Eduardo Blanco Amor. (...) Persoalmente, preferimos *Poema en catro tempos*, que pra o noso gusto é o mellor libro de versos galegos de 1932.

Un autor anónimo²⁴ responsabilizarase dunha panorámica global na que só se testemuñará a aparición de *Poema en catro tempos* a carón dos demais libros publicados naquela altura, entre os que se salienta a actividade poética de Álvaro Cunqueiro, quen pasaría por representar a máxima novidade da poesía galega daquel tempo. Nese xa asumido segundo «annus mirabilis» da nosa literatura contemporánea, Fernández Del Riego²⁵, malia recoller tan só a edición dos *Romances Galegos*, inclúeo dentro dos «Poetas dezanovistas con influencia de Juan Ramón Jiménez, de Antonio Machado, de Hölderlin, de Paul Valery». Conformaría, pois, un grupo homoxéneo que estaría composto por Amado Carballo, Carballo Calero, Augusto M^a Casas:

Blanco Amor, o autor de *Poema en catro tempos*, é unha das mais finas persoalidades da lírica galega. A súa obra é unha sinfonía do mar e no intento un poema de vangarda, que convirte ao seu autor no más típico poeta modernista galego, como ten dito dil Carballo Calero.

Para finalizar con este apartado centrado nas recensións deste segundo poemario de Blanco-Amor cómpre citar tan só dúas sintéticas panorámicas. A primeira foi publicada por José Lopes da Mota²⁶, un texto que encerra certa utilidade para coñecermos unha visión máis das orientacións da poesía galega do momento. O crítico portugués procede a clasificar a actividade poética do momento en dous grandes grupos, á marxe de Aquilino Iglesia Alvariño e Bouza Brey, que parecen ser os da súa especial predilección. O primeiro conformaríanos aqueles que se engloban baixo o epígrafe de «Poetas da Saudade e Modernista da Arte Pura», onde se incluírían a Manuel Antonio, Euxenio Montes, Cunqueiro e Blanco Torres. O segundo comporíanos os Poetas que procuran a inspiración en motivos eternos como a «Saudade», o «Amor» e a «Terra», que serían Amado Carballo, Augusto María Casas, Carballo Calero, Álvaro das Casas e Blanco-Amor, de quen, outra vez, se ignora o seu primeiro libro de poemas, aínda que do *Poema en catro tempos* se manifeste que «ressoa, como nos buzios nacarados a divina sinfonía do mar infinito».

23. Ricardo Carballo Calero, «Balance e inventario da nosa literatura», *Nós*, nº 108, 15 de decembro de 1933.

24. Sen asinar, «A cultura galega hoxe en día», *Nós*, nº 115, 24 de xullo de 1933.

25. Francisco Fernández del Riego, «Índice cultural e artístico do Renacemento galego», *Nós*, nº 118, 15 de outubro de 1933.

26. José Lopes da Mota, «A nosa literatura xugada en Portugal», *A Nosa Terra*, nº 323, 10 de febreiro de 1934, publicado anteriormente no xornal *O Comercio do Porto*.

A segunda panorámica xeral á que antes nos referíamos, débese á pluma de Augusto María Casas²⁷, que verte comentarios eloxiosos para a obra do escritor ourensán:

Debemos citar n'ista liña da nova literatura a outros dous grandes poetas: Fermín Bouza Brey e Eduardo Blanco Amor. Os dous ficarán como bós poetas, tral-o ronsel de Amado Carballo (...) «Blanco Amor, nos seus libros de poesía «Romances galegos» e «Poema en catro tempos», é un poeta no senso innovador que vimos estudando. Os seus romances son exemplos maxistraes de poesía galega. En Blanco Amor a poesía, unxida de tradicionalismo, ten azas de eternidade, e a enxebreza é unha das súas milloras galas, tendo ademáis un fino senso de novidade.

Deste xeito, *Poema...*, malia ser merecente dunha menor atención crítica que o primeiro na proporción de recensións, si se lle prestou atención naquelas panorámicas xerais que resumían a actividade lírica do momento. De tódolos xeitos, xa aquí parece agromar, como case definitivo no discurso crítico, a recorrente vinculación da súa poesía respecto do modelo amadocarballiano, aínda que por veces se apunte tamén o influxo creacionista, manuelantoniano, e dun modernismo nunca ben definido.

Como é ben sabido, ábrese agora un longo hiato no que aparecerán os seus libros poéticos en español *Horizonte evadido* (1936) e *En soledad amena* (1941), e haberá que esperar algúns anos ata que Blanco-Amor volva publicar un libro poético en galego, aínda que non abandonará a creación poética en galego como xa teñen demostrado algunhas publicacións recentes.

Cancioneiro (1956)

Cancioneiro, publicado en 1956, tan só provocaría na Galicia continental unha reseña de Aquilino Iglesia Alvariño, ata onde nós sabemos, e mais outra colaboración de Carballo Calero de distinto xorne, pero vinculada co presente volume.

Parecía, pois, que a actividade poética de pre-guerra de Eduardo Blanco-Amor ficara practicamente difuminada, abandonada ao esquezo e que dela tan só se lembrase un ecoar afastado daqueles textos ós que arriba aludimos.

A reseña de Aquilino Iglesia Alvariño, titulada «Un libro de Blanco Amor»²⁸, non caería no esquezo para Blanco-Amor pois na entrevista que lle realizara Carlos Casares²⁹, tras apuntar o que significaba para el a poesía, como paralelismo entre a vida e como actividade persoal e intransferible que se reflecte nos *Romances galegos*, e a obxectivación e solidariedade presente en *Poema en catro tempos*, apunta a perspectiva que ao seu xuízo domina o seu libro do ano 1956:

27. Augusto M^a Casas, «Esquema da nova poesía galega», *Nós*, n^o 139-144, xullo-nadal de 1935.

28. Aquilino Iglesia Alvariño, «Un libro de Blanco Amor», *La Noche*, 9 de setembro de 1956. Vid. apéndice.

29. Carlos Casares, «Leria con Eduardo Blanco-Amor», *Grial*, n^o 41, xullo-agosto-setembro, 1973.

A culminación desta relación vida-obra, centrada nas angueiras e peripecias amorosas e aínda eróticas da miña vida, colle un acento irremediable, case tráxico, nalgúns poemas de *Cancioneiro*, do que dixo Iglesia Alvariño que aparte os de Rosalía non hai moitos versos galegos que desperten uns ecos de tan radical soedade humá, que dito así parece unha esaxeración, mais sabendo o que eu sei de min, non é nada esaxerado. Falo da miña vida e non da miña obra.

A devoción que parecía sentir por esta recensión ficará tamén explícita nas palabras agradecidas, pero non exentas dun profundo desencanto pola situación persoal que estaba a pasar, que o ourensán³⁰ lle dedicará ó autor de *Lanza de soledá* na revista *Galicia* cando sinale:

E uns anos dempois, arredor do meu libro *Cancioneiro*, Aquilino escribiu dos meus versos discontinuos, dos meus versos eivados por tantas labours turbadoras, as poucas cousas xenerosas que aló se dixeron; algo do pouco que alí se di de nós, neste ternos por xentes do outro mundo, como, nefeito somos.

Unha pública expresión de agradecemento da que, sen dúbida, habería que facer unha dobre lectura. Lembremos que a «Xustificación» que precede ó seu poemario provocaría unha aceda crítica de Carballo como máis adiante veremos. Así pois, Aquilino valorará este texto prologal como unha medida e «meditada lección sobre diversos problemas de la producción literaria en Galicia», evitando calquera tipo de polémica e pasando axiña a mostrar a súa satisfacción por coñecer un texto na súa opinión sorprendente pois Blanco-Amor volvía ao galego como vehículo de comunicación literaria e porque verifica afortunadamente a utilización da «canción de amor» nun poeta serodio, un «amor» que para Aquilino sería a de dor de soidade, e de quen chega a rastrexar unha inequívoca influencia de San Juan de la Cruz, finalizando como segue:

Por estos versos, queridos poetas de Galicia, va y viene Sísifo con su roca a cuestras. Aparte los de Rosalía, no hay muchos versos gallegos que despierten unos ecos de radical soledad humana más profundos que los de este libro de Eduardo Blanco Amor.

No apéndice desta colaboración reproducimos dous documentos que xulgamos de relevancia para entender cabalmente o presente poemario. Trátase, en primeiro lugar, da carta que sobre algúns aspectos do *Cancioneiro* Blanco-Amor lle remitiu a William Myron Davis, texto que xa foi utilizado para algunhas biografías³¹ e análises recentes pero que non se deu a coñecer aínda integramente; unha

30. Eduardo Blanco-Amor, «Cabo de ano do poeta Aquilino Iglesia Alvariño», *Galicia*, nº 526, xullo-agosto, 1962.

31. Desafortunadamente, na biografía de Allegue (*Op. cit.*) ó reproducir fragmentariamente esta carta, prodúcese un desgraciado salto de ollo que dificulta a comprensión do texto. Rodríguez (*Op. cit.*) tamén expolia tal misiva.

magnífica análise, ao noso parecer, na que se repara nas posibilidades simbólicas e técnicas da súa poesía, unha significativa declaración de principios estéticos que cremos sería de proveito analizar a carón dun «proloquio» que inicia un libro de relatos de Xosé Ramón Fernández-Oxea titulado *Andrómenas. Contos pra o pobo*³², e onde o autor de *A esmorga* insiste, ademais doutras cuestións de interese, na urxencia de instalar unha crítica seria e rigorosa no ámbito das nosas letras:

Non me da ocasión –je ben que o sinto!– este libro pra padricar co exemplo. Querse decir –pedancias aparte– oportunidade pra inaugurar, ou pra intentar inaugurar, un novo xeito de crítica, todo o severa, precisa e dialéctica que eu penso se debe facer, ao marxe dapaixón, da emoción da amizade e do trabucado patriotismo, tal como a que están pedindo a berros as nosas letras –e as nosas artes tamén– si é que queremos que comence unha época de depuración, que será por onde a salvación comenze.

A súa poesía noutras páxinas críticas

Por volta do ano de publicación do seu *Cancioneiro* comezan a aparecer as primeiras referencias nalgúns volumes que perseguen historiar a literatura galega contemporánea. Ábrese agora un período crítico nalgunha medida novo e diante do cal, como xa apuntamos, Blanco-Amor case sempre se mostrou disconforme.

Carballo Calero, comezará³³ considerando que Blanco-Amor foi un poeta post-modernista, quizais pertencente á escola «modernista» sen máis aclaracións. Máis tarde³⁴ publicará un interesante texto, datado en 1956, baixo o título de «O poeta lírico, a víscera cordial e a terra nai», dirixido a comentar o *Cancioneiro* de Blanco Amor. Sen embargo, nesas liñas o profesor ferrolán repara principalmente no contido da coñecida «Xustificación» que abre o volume, centrándose en refutar, mesmo con virulencia, a concepción estética e literaria blancoamoriana presente naquelas páxinas, dedicándolle a penas unhas breves liñas ó verdadeiro comentario do poemario:

Este *Cancioneiro*, endebén, no que Blanco Amor recolle unha serie de vivencias líricas, se ben non se acha falta de poemas escritos, aínda que en galego, sin ningunha preocupación galeguizante, é no seu conxunto libro que na súa temática, na súa gramática metafórica, no seu temple espiritual, acusa a presenza corporal da terra galega. Presencia ensoñada, xa que o autor vive lonxe de Galicia. E así, o *Cancioneiro* é como a carta dun fillo ausente, xeneroso e bo, que escribe á súa nunca esquencida nai.

32. Vigo: Monterrey, 1954.

33. Ricardo Carballo Calero, *Aportaciones a la literatura gallega contemporánea*, Madrid: Gredos, 1955, pp. 135-136.

34. Ricardo Carballo Calero, *Libros e autores galegos. Século XX*, A Coruña: F. Barrié-R.A.G., 1982, p. 181.

Con todo, nas páxinas da *Historia da literatura contemporánea* Carballo³⁵ resume a actividade de Blanco-Amor en poucas liñas limitándose a incluílo no grupo dos novecentistas, sintetizando a súa produción poética a través da súa participación no modernismo con algunha nota «neorrománica» ou «vangardista». No que atinxe a *Romances galegos* sinala:

(...) baixo un lema de Cancioneiro galego-portugués, ó que lonxanamente suxire unha afindade con Bouza Brey, agrupa na súa primeira parte ecos do romanceiro español tradicional enxertamos nunha estética modernista. Hai tamén no libro modernismo máis puro, é decir, alleo a esas fórmulas mistas, e certo vangardismo, xa nos desenfadados, ledos e deportivos epigramas de *Témporas*, xa nos máis vencellados a Amado Carballo, adicados a éste e rotulados co testo de Noriega *Toda humilde beleza*.

E, posteriormente, os seus dous seguintes libros serán merecentes de menor atención:

O esforzo literario máis sostido realizado en verso por Blanco Amor áchase representado polo seu *Poema en catro tempos* —«a un pescador galego»—. escrito «pr'os que morreron na mar», ao xeito dunha sinfonía que remata nunha marcha fúnebre. (...) Despóis dounos o autor un *Cancioneiro* (1956) que non engade cousa sustancial aos libros anteriores. A súa obra da posguerra preséntanolo trocado en prosista

Tal brevidade será recorrente noutros lugares respecto da súa opinión da poética de Blanco-Amor³⁶.

No prólogo devandito que abría o *Cancioneiro*, Blanco-Amor referíase aos que, daquela, eran os únicos manuais que contiñan referencias sumarias á literatura galega contemporánea. Tales eran as páxinas de Fernández del Riego³⁷ onde se insistía en adscribilo a un modernismo sen máis puntualizacións, vinculando os *Romances galegos* con Amado Carballo, mentres que:

En *Poema en catro tempos* constrúe unha sinfonía do mar de excelente orquestración. No intento ven resultar un poema de vangarda, pero no ritmo, na idea, no espírito, trasloce unha esencia menos avantada: a esencia de aquela estirpe poética da que é criatura Blanco Amor. En *Cancioneiro* presenta unha poesía anovadora, inda que no seu feitío natural de sempre³⁸.

35. Vigo: Galaxia, 3ª ed., 1981, p. 715.

36. Vid. Ricardo Carvalho Calero, *Letras galegas*, A Coruña: Agal, 1984, pp. 271-272.

37. Francisco Fernández del Riego, *Historia da literatura galega*, Vigo: Galaxia, 1981, p. 284.

38. Manifestacións que posteriormente puntualizaría na súa biografía sobre Blanco Amor (*Op. cit.*) e mesmo no seu *Diccionario de escritores en lingua galega*, Sada: O Castro, 1990, pp.50-51. Lembremos aquí que Couceiro Freijomil (*Diccionario Bio-Biliográfico de Escritores*, Santiago: Bibliófilos Galegos, 1951, pp.153-154) non achega nada novo limitándose ofrecer un listado bibliográfico e que Ernesto Guerra Dacal (no *Dicionário de Literatura...*, Porto, 1987, p. 204) na análise das vangardas galegas salienta que Blanco-Amor, ao lado de Augusto María Casas evidencian a representatividade da extrema individualidade lírica seguindo o modelo fornecido por Amado Carballo e Manuel Antonio.

Pola súa parte Benito Varela Jácome³⁹, incluírao dentro do que el denomina «Poetas da saudade» apuntando entre outros aspectos que:

Su línea lírica oscila entre varias tendencias; es un poeta ecléctico: se aparta a veces de la tónica del grupo «saudosista» y descubrimos entonces en sus versos atisbos vanguardistas, sobre todo en su segundo libro *Poema en cuatro tempos*, aparecido también en Buenos Aires en 1931.

Mesmo X.L. Franco Grande⁴⁰, nunha panorámica que dedica á poesía galega contemporánea, Blanco-Amor é citado tan só para vincular a súa estética, curiosamente, coa do neo-trobadorismo, ao lado de Álvaro Cunqueiro, Díaz Jácome, Iglesia Alvariño, os irmáns Álvarez Blázquez, Celso Emilio Ferreiro e, mesmo, Uxío Novoneyra.

Un caso de esquecemento represéntao a interpretación de Ramón González Alegre, quen nun ensaio publicado sobre a poesía galega contemporánea⁴¹ non cita a actividade poética de Blanco-Amor, aínda que nuns anos despois, nunha escolma da poesía galega⁴², procedería a incluílo no primeiro grupo, o dos poetas nados entre 1900 (sic) e 1914:

Su poesía tiene hondura y calidad, y en especial está integrada por un sentimiento nostálgico, de una saudade característica del emigrante gallego.

Para ir finalizando cómpre apuntar que na década dos setenta e oitenta, distintos analistas prestaron atención á súa poesía en maior ou menor medida, todos unidos por unha característica común que é o a da brevidade e, nalgúns casos, reiteración de motivos, parecendo que a distancia entre a publicación do seus poemarios, –non recollidos nun único volume, como se sabe, ata un ano despois da súa morte– e a súa actividade literaria xa plenamente dedicada á narrativa, ao xornalismo e á dramaturxia, axudaron a restarlle importancia.

Así, un desafortunado estudio de González Martín⁴³ sobre poesía galega tan só cita a Blanco-Amor como autor de *Romances Galegos*; Basilio Losada, catro anos despois⁴⁴ subliñará a súa notabilidade e a vinculación amadocarballiana; Pilar Vázquez Cuesta⁴⁵ apunta que a súa obra tanto sería debedora do culto á «forma inmóbil», coma «al imaginismo, o lo que se ha dado en llamar estilo neorrománico de Amado Carballo»; Méndez Ferrín⁴⁶ incluírao tamén no grupo de seguidores da estética de A. Carballo, afirmando que:

39. Benito Varela Jácome, *Historia de la literatura gallega*, Santiago: Porto y Cía, 1951, pp. 414-415.

40. Xosé Luís Franco Grande, «Panorámica de la poesía gallega actual», *Insula*, nº 152-153, 1959.

41. Ramón González Alegre, *Poesía gallega contemporánea. Ensayo sobre literatura gallega*, Pontevedra: Huguín, 1954.

42. Ib., *Antología de la poesía gallega contemporánea*, Madrid: Adonais, 1959, p. 53.

43. Jerónimo Pablo González Martín, *Poesía gallega de posguerra (1939-1975)*, Sada: O Castro, 1976.

44. Basilio Losada, «La literatura», *Los gallegos*, Madrid: Istmo, 1976, p. 294.

45. Pilar Vázquez Cuesta, «Literatura gallega», en José M^a Díaz Borque (coord), *Historia de las literaturas hispánicas no castellanas*, Madrid: Taurus, 1980, p. 861.

46. Xosé Luís Méndez Ferrín, *De Pondal a Novoneyra*, Vigo: Xerais, 1984, p. 57.

Está por facer o estudo da escola de Amado Carballo ou «imaxinismo». Polo momento, apenas podemos enumerar, aglomerado, un vasto e desigual conxunto de poetas provisionalmente calificados de imaxinistas, en toda ou parte da súa obra. Mato moi mesto que é preciso rozar, clasificar, herborizar, analizar. (...) cos cais o magma imaxinista reborda o marco da xeración de 1925.

Mentres que César Antonio Molina⁴⁷ suxerirá que se trataría dun «importantísimo narrador pero no poeta», vinculándoo con Euxenio Montes e, por suposto, con Amado Carballo; e mesmo Anxo Tarrío⁴⁸ remitiría fundamentalmente ó expresado algúns anos antes por Carballo Calero, aínda que ampliaría e actualizaría a súa visión da poética blancoamoriana máis recentemente⁴⁹.

Coda

Velaquí o relato, pois, sintético e esquematizado, e probablemente sen toda a exhaustividade que quixeramos, dun proceso de recepción textual singular que, nalgunha medida, ilumina tamén os vaivéns da nosa crítica ao longo deste século.

Un panorama no que é doado constatar cómo a maior parte das reseñas que se detiveron na valoración da poesía de Eduardo Blanco-Amor en lingua galega abeiráronse á gabanza case gratuíta ou á simple mención protocolaria articulada a través da súa adscrición unívoca como continuador do modelo da poesía practicada por Amado Carballo, como reflexo dos ecos cancionerís ou como poeta vinculado a un Modernismo nunca matizado. Afirmacións, nun tempo útiles e absolutamente necesarias, pero que quizais hoxe pouco incidirían na xusta valoración da súa achega ao ámbito da nosa lírica; un labor, en definitiva, sobre o que no ano 1993 obtivemos excelentes froitos, corrixindo sen tanto apaixonamento subxectivo certo desenfoque productivo en ocasións da nosa propia dinámica cultural.

47. César Antonio Molina, *Antología de la poesía gallega contemporánea*, Madrid: Júcar, 1984, p. 13.

48. Anxo Tarrío Varela, *Literatura gallega*, Madrid: Taurus, 1988, p. 131.

49. Anxo Tarrío Varela, *Op. cit.*, pp. 268-271.

Apéndice

Textos

Ángel Aller, «Carta persoal a Eduardo Blanco Amor», 31 de maio de 1932.

Querido Blanco Amor:

Tengo su libro –admirable todo él, por dentro y por fuera– hace ya muchos días.

Lo leí una, dos, tres veces. ¿Lo mejor del libro? Todo. ¿Lo mejor de todo? La Marcha fúnebre.

Yo me puse a pensar qué música podría darse a ese vagar de un muerto sobre el agua. ¿Wagner? No: Wagner sigue, con exceso aquella lírica ociosa y delirante de que hablaba nuestro Eça. Ociosa y delirante quiere decir, para mí, barroca. Pero en lo barroco hay modos, matices, acentos que dan, de barroco a barroco, una diferencia profunda. ¿No le parece a Vd.? Su Marcha es, claro está, barroca; pero de un barroquismo sereno, firme, ceñido, sin demasiadas estrindencias. Y, por eso mismo, de un valor emocional más apretado contra el alma.

Allá va el muerto, con una lentitud segura de ola lenta. ¡Qué serenidad! Así debiera ser siempre la muerte.

Gallego o castellano lo mismo da el idioma. ¡Que resonancias hay en todo el libro!

No tengo tiempo para decirle más, otro día, con menos apremios, le escribiré largo y tendido.

Gracias y la gran fe en su talento de este muy amigo suyo,

Aller.

Eduardo Blanco Amor, «Proloquio», en Ben-Cho-Shey, *Andrómenas. Contos pra o pobo*, Vigo: Monterrey, 1954.

Non hai lugar niste vestíbulo do seu libro, que Ben-Cho-Shey me invita a percorrer, nin xiquera pra ese mínimo anticipo crítico que un prólogo debe ser entre xentes ben criadas; e direi logo o por qué desta limitación. Por outra parte non é dil nin de min o ditrambo fácil nin a loubanza rexoubreira: formas da preguiza, da hipocresía e da irresponsabilidade, que veñen rexindo, entre nós, o enxergamento recíproco de canto escribimos e damos a pubricidade, con mengua suicida das calidás auténticas; diminución por falla de contraste, dos certos valores e relaxamento do esforzo creador. Por de contado, sábese que unha obra escrita en galego, ha de ter apoloxistas a cotío, endebén carezan tales ocas esaltacións, de cimento documental, de

ouxetividade serea e da crueldade analítica suficientes pra todo xucio que aspire a ser valedeiro.

Ben se estaba que, no comenzo desta xeira renacentista das nosas letras, no seu tempo inicial e frofido de alistamento e cataquesis, as cousas socedesen de tal modo, posto que toda irrupción apaixonada dun novo catecúmeno nas fias do idioma derrotado –derrotado mais que na loita, na treición de todos nós– debía de ser saudada con trémolo de palmas e cantos auguraes, como corresponde a os feitos das épocas heroicas, sin deterse en fórmulas de revista e discriprina. Polo tocantes ó de hoxe, á frecuencia, á extensión e ao ímpetu cobizoso, soñador de porvires, que acada este movemento, a mais primaria fórmula de policía require e orde, de modo impostergable, a instauración de unha estratexia crítica de suficiente rigor como pra canalizar esta dispersión, apretar este relaxamento e responsabilizar as anarquías, decíndolle a cada un de nós o que verdadeiramente fixo –que cuáseque decote é diferente do que pensa que fixo– do que deixou de facer e do que fixo mal podendo facelo ben. Unha invitación ao esame de conciencia, á contricción de corazón e á insatisfacción da obra. Da obra que hai que rever e sopesar de novo, pra discriminar o que haxa de auténtico ou de mimético, ou de sobreposto entre o verdadeiro xermolar vocacional e a presenza técnica, morfolóxica, estética da obra. Este axeitamento previo serviranos pra descontar o qué resta, fora do feito xeneroso de usar unha fala ao marxe da utilidade, da «universalidade» e da moda, como intrínseco valor espiritual i estético, mais que na estrutura na infraestructura de cada esforzo mais ou menos logrado.

Non me da ocasión –je ben que o sinto!– este libro pra padricar co exemplo. Querse decir –pedancias aparte– oportunidade pra inaugurar, ou pra intentar inaugurar, un novo xeito de crítica, todo o severa, precisa e dialéctica que eu penso se debe facer, ao marxe da paixón, da emoción da amizade e do trabucado patriotismo, tal como a que están pedindo a berros as nosas letras –e as nosas artes tamén– si é que queremos que comence unha época de depuración, que será por onde a salvación comenze. Non mo consinte iste libro pola razón sinxela de que, no seu intento, na súa realidade formal, na adecuación do linguaxe e na selección da materia, é un libro perfecto. A perfección de unha obra, con respecto a sí mesma –é decir, considerada fora dunha relatividade cronolóxica e desligada dun ambiente estético ao que non se propuxo pertencer– consiste nun propósito craramente determiñado, servido por unha xusta forma. En tal senso, o libro de contos «pra o pobo», de Ben-Cho-Shey, é obra de tal perfección que ao final da súa derradeira coartela, entre por un a inerme e doída sensación de non ter por onde meterlle o dente: sensación tremendísima pra un crítico, sobre todo cando ten unha honrada gana de morder. Porque ademais é perfecto na súa calculada modestia, que é unha das perfeccións mais difíciles de acadar. Dase, coido que por primeira vez, nas nosas letras novas, este venturoso fenómeno dun libro modesto, pensado pra o pobo, i escrito na língoa do pobo; sin retorcimentos culteranos, sin apriorismos de forzadas violencias imitativas, sin perpetrados arripíos dun valeiro intelectualismo pendantón e infecundo. Obra crara, leda, xugoša e xuciosa. O lector verá como todas estas calidades, xuzgadas impricitamente por todos nós como

calidades «menores», non desbotan dos contos de Ben-Cho-Shey a mais limpa dinidade literaria. ¡Naturalmente! ¡Como que o famoso enxebrismo non é eso de percorrer, coas calzas caídas, os bosteiros atallos do falso «pintoresco» -resésiga verba chea de farume e podremia- botando ¡ei carballeiras! entre arrotos de lacoada.

Esta é unha obra sinxela e modesta, por modestia calculada do seu autor. Entendámonos nisto: que calculada modestia, non é falsa modestia. Fernández Oxea, home de fonda cultura, enrolado nas mais esixentes disciplinas do saber contemporáneo, pode, como descadasí, sair a este «ring» sin adversarios da nosa literaria palestra, procamándose vencedor, sin «referee» que controle unha loita inexistente, cun mangado de gali-matías, canto mais escuras millor, apreixadas no puño ergueito e berrando: «a quen me dea un pau doulle un peso», tal como todos nós fixemos. Perferíu este «modo menor», por decisión da súa vontade; por declarado anceo darrimarse ao pobo –do que nós andamos tan divorciados– e iso temos que lle agradecer todos. Todos os que nos queixamos de que escribimos uns pra os outros «en difícil» pra uso escrusivo de iniciados.

* * *

Prolonga Ben-Cho-Shey un dominio, do que Castelao foi «pionner» indiscutible, e outro que arrinca do sano costumbrismo ourensán que tivo a súa época arredor de «O tío Marcos da Portela». Fállalle unha das dimensións do gran humorista –a única dimensión– por cuiu lado a obra de Castelao se intelectualiza: a intención trascendente, ou a segunda intención, que reverte hacia consecuencias políticas e filosóficas. A segunda intención –a suxerencia– é xa un elemento «culto» pouco axeitado aínda –por disgracia– pra ser craramente percibido pola nosa xente campesía. Castelao –aparte seu valor universal– xuzgado na súa mais depurada apreciación, no tocante ós resultados relativos da súa obra –que eiquí non se fala de valores estéticos obxetivos– é un humorista pra o paladar das nosas cidades e vilas. E aínda comondo a trabazón profunda do seu espírito as mais escelsas e típicas coalidades da nosa raza –tenrura e humor– está a nosa raza tan esquencida e inconscente de sí mesma, que xa non pode dar consigo si non é dando un rodeo de cultura. Por eso a percepción da obra de Castelao implica o auxilio de antecedentes intelectuaes, circunstancia ésta que lle impide ser prenamente popular. Non porque aquela obra non o sexa, senón porque –e vaia a aparente paradoxa– quen non é popular en Galicia é percisamente o pobo.

E namentras o pobo non se vire da cara a sí mesmo e se reconoz a través da «estilización», da creación do arte, que partindo díl xa non é il, obras como as de Ben-Cho-Shey son, non soio necesarias, senón que son as únicas necesarias pra tal finalidade. Ogallá teña imitantes.

Do libro nada teño que decir que o lector non o vaia ver de seguido. Contos galegos, folklóricos algúns, de invención os mais, escritos sin presas, asegún ían chegando, dende ese níngures misterioso de dónde nos ven todo, ao longo dos anos... Contos pra o pobo en lingoaxe dinísimo do pobo; gracio-

sos uns, tristesiros outros, fáciles todos: esa difícil facilidade a que teremos que volver, seguindo a exemprar modestia de Ben-Cho-Shey, si é que queremos que esta indiferenza do pobo, que tanto nos enrabexa, non acabe de volvernos definitivamente as costas. Pois pola nosa parte fixemos toda crás de méritos pra que suceda.

Eduardo Blanco Amor «Carta persoal a William M. Davis», 24 de novembro de 1965.

Ourense 24 de novembro de 1965

Señor D. Williams M. Davis. New York.

Meu bó amigo: Agradézolle a súa carta e o seu intenso e sabio traballo, e quero completalo, si elo é posible, con algús engadégos. Pra min o acto de escribir poemas é puramente «iluminado». As técnicas son algo implícito co que se conta por anticipado, tal como o instrumento músico nas maus do executante. Toda crítica, e pior aínda a autocrítica, tense que abrir paso entre as trévas lumiosas (valga a paradoxa) das que salío o poema en sí, por pura pulsión intuitiva. O poeta sabe vagamente o que se propón decir, mais o poema sabe por sí mesmo o que dice. A posición interrogativa que diferencia a crítica da autocrítica, ven de buscar a proisimidade, ou a aproisimación, por camiños diversos. O autor procura escrarecer si a pulsión interior que o levou a escribir está presente, máis ou menos, nos resultados; «máis ou menos», como é sempre a poesía. O crítico parte dos resultados estéticos a profecía espiritual ou sentimental que o poema mesmo, como texto, lle ofrece. É decir, vai pola forma ó espírito, dende o patente ó latente. Diste modo, ambas interpretacións poden ser lexítimas, nos seus modos de comprobar ou de adiviñar. A súa versión é admirábel pola súa sagacidade e a súa verosimilitude. A miña, en canto ó conxunto vivencial de que surgíu o poema, quizaves sexa menos verosímil en relación co poema como suxeto estético, ouxetivado. Imos a velo, seguindo o seu mesmo método:

1º Dístico: Trátase do ingreso na vida e consecuentemente na morte, —sempre «ceda»—; sempre interposta no destino humán a traveso das primeiras mencións conscentes da terra-paisaxe («cómáros, vals») na simbiosis home-terra que Galicia é pra os seus nativos. O «rio verde», mozo, inmaduro, é a vida no senso itinerante, a «miña» vida, a que vai a ser, o seu devalar até o seu destino ou «norte» sempre «pendurado», problemático, damocliano.

2º Eisperencia autobiográfica concreta. O amor-eros ten importancia cardinal na miña poesía porque o tivo na miña vida. «Amor lilailo», adoescente, inxel, en «sitios ben fadados»; ben escollidos, doadamente determinados polo «fado» ou sino. «Chuchameles» (pequena frol campestre que se chucha ou zuga pra saborear seu mel) sensorializa e, en certo modo, erotiza a natureza-paisaxe: (vals, cómaros,) como idea anticipada do que sigue: a inauguración, o enceto, ou estreno dos beizos: o bico, o beixo, como pirmeira eisperencia erótica; a idea do mel zogado ou chuchado, quizais veña de «mel e leite embaixo da túa lingo», (Cantar dos Cantares). Quizáis, tamén «chuchar», símbolo da fellatio na lingoaxe psicoanalítico, que se inclui,

inconsciente, na idea de «beizos encetados», estrenados, desflorados, e na frol-beizo chuchada: a boca, sexualizada.

3º Primeira soedade inmediata da vivencia denanterior: a noite insomne, as bágoas no mencer, no «bisel» entre a noite e o día; e a señardá, ou aprendizaxe en primeira soedade como «soia meiciña», xa pra sempre na vida-amor do poeta.

4º O esboiro da vida, sua plenitude, seu uso total, sua mocidade poseída, posesora. Non hai «clima tropical» nesta vivencia, denanterior a miña vida en América, que comenza após dos vinte anos. O «a carón» do segundo verso no está como «á beira», «o costado», sinón «de cara a». Pode ser a premonición da futura vida en soedade, a emigración, o futuro que hai que encarar «a pecho descuberto», expresión coloquial castellana alusiva á audacia. A idea total sería de «paraíso perdido», de saída pró desterro. Dempoís do primeiro gozo encetado, da primeira posesión de amor, da asociación do paisaxe á lembranza paixoal, erótica (efeitivamente: a miña primeira vivencia erótica como culminación dun proceso sentimental intenso e prohibido, ocorreu nun bosco) aparece a idea de expulsión, de irse polo mundo sin mais defensa que o valor, o coraxe: «a peito núo», «a carón dos mañáns», do futuro. Tal como Vde. dice: «O núcleo sensible de ser» sin outra coraza que a sua propia fragilidade da que hai que tirar nova corteza. Unha das miñas claves psicológicas, até o de agora que xa son un vello, é iste sentirme sempre neno, como algo fráxil, desamparado).

5º «Maldita a mar», ou sexa «maldita a emigración», que determina unha forma de saudade concreta: a de aquel amor iniciático, segredo, non do «Amor» en abstracto, que pra sempre difiniu a miña vida erótico-sentimental; un amor que se negará decote a decir seu nome. Hai tamén alusión simbólica ó erro destrutivo, aniquilante, de ter deixado a terra natal, o paraíso dos «alimentos terrestres» (Gide) representado por as simbiosis-vivencias do paisaxe-amor: cómaros, vals, frores chuchadas, beizos encetados, o «Lilio nuo»; a poesía como pre-sentimento. Convén decir –agora me dou conta– de que o visualización interior de «lilio» (lirio) é escribir o poema e até agora mesmo, é o capullo, non a frol aberta como no «chuchamel». Pode valer por un símbolo freudiano: apetencia e temor ó gozo; perda da pureza; desexo e medo de «abrir» o capullo xenital e moral; temor que persiste a traveso da «vida en frol» e da sublimación do «canto» como unha transgresión ó estado paradisíaco, como inconsciente complexo de culpa... Toda a complexidade de tales sentimentos-vivencias, da por inútil, no poema, ademais de perigosa, toda ouxetivación en confidencia. Isto é o contido do derradeiro verso: Pasade sin preguntar, comprendede sin saber: (1)

Como Vde. ve, as dúas interpretacións coinciden no seu fondo, menos na eisperencia vital «de trópico» (aínda no trópico relativo de Buenos Aires) pois, como deixo dito, trátase de vivencias denanteriores, como eispresa o tído: «O onte». A súa interpretación é todo o sagaz e fina que pode selo, por parte de alguén que no é o propio autor. O poemiña aparece nela espeitralizado cunha penetración intuitiva de certo asombrosa. Mais sendo,

como é, o texto tan fundamentalmente empírico no seu tema, Vde. non podía ir mais alá do que foi, sin ter poderes máxicos. Pero con istas limitaciós tan naturais, seu traballo seméllame un prodixio de sensibilidade e de maestría crítica. Reciba, pois, a miña felicitación e a miña gratitude. E no seu homaxe sacudo a miña preguiza e a miña natural resistencia a andar furgando nos meus vellos e dooridos versos, escribindo as liñas complementarias dista autocrítica, cousa que nunca anteriormente se me tiña ocorrido.

No tocantes ós libros galegos, fíxenlle mandar Catálogos ás Bibliotecas que Vde. me indica pra que escollan os que estimen necesarios pra remesarllos. Supoño que Seoane xa lles terá mandado os do modesto fondo editorial do Centro Gallego.

Reciba o novo amigo Davis a seguridade do meu agarimo persoal e do meu aprezo intelectual.

Nova dirección:

-Fuente del Monte, 3.- Orense. España.

(1) Non teño eiquí o «Cancionero» pero paréceme que ista idea de soidade, de segredo apartamento, de inutilidade de confidencia, aparece en outros poemas que non pode citar porque nunca soupen os meus versos de mamoria mais que dun xeito fragmentario. Por eix. en «Amigo»: «Quen por ti preguntar... que sepa ouwilo no meu calar». E tamén en «sin ollos, sin pes, sin azas –no morto ronsel dos ontes– valeiro entre os hourizontes que pra meu gosto é o poema máis intenso e tráxico do libriño.

Don Breixo, «Cartafol», A Fouce, nº 49, 1 de maio de 1932 (fragmentariamente).

É de tal manitude a presunción d'este mozo, que até quando se empregou no seu choio actual de vendedor de mobles, decía que a coleitividade galega, debera por tal motivo darlle un banquete.

Agora imprimou uns versos mais ou menos, e xa está: outro banquete.

Eu tratei de facer entrar en razón a este probe infeliz, que por vivir retrasado, vive envenenado, quixen facerlle comprender que o tal «direitor» e verseador trata de conquistar o tídoo de «recordman» autobombista ou o non menos apreciado de banqueteireado, pero non foi posibel desmontal-o da burra, e sigue envenenándose co-a sua inxustificada indinazón.

Alá el.

Ricardo Carballo Calero, «Eduardo Blanco Amor: Poema en catro tempos», Nós, nº 102, 15 de xuño de 1932.

A posición natural e sincera de Blanco Amor é a posición modernista. É, cicáis, o máis típico poeta modernista galego. o modernismo é unha escola

ou unha coincidencia de escolas que xurde, como espréndido froito, no horto da lírica castelo-americá. Mais iste horto non é un hortus conclusus, e as ponlas das súas arbres rebordan o muro e deixan caer; nas leiras clindantes, a branca fror que, soterrada no torrón propio, espalla unha semente allea. O modernismo chega á Galicia desfigurado, como o gótico. Pol-as mesmas causas, que diréi algún día. Mais como en Galicia hai un Santo Domingo de Pontevedra, hai un Blanco Amor.

Mais Blanco Amor sabe ben que o modernismo pertece ô pasado. Espírito inqueda, temperamento dúctil, estudoso leitor, deita a súa dorna lírica, Odysseus de ceibes ouvidos, pol-o mar da poesía, onde cantan as novas sireas. E déixase engaiolar. E cando na arbre da lírica agroma unha ponla nova, o paxaro da súa arte vai presuroso facer n-ela o seu niño. Eisí se esprica unha boa parte de Romances Galegos, rapsodia de Amado Carballo. Mais a maneira espontánea de Blanco Amor é outra, anterior á Amado: é aquela que, arricando en Francia de Baudelaire e froecendo en Verlaine, en Raimbaud, en Mallarmé, en Leconte de Lisle, en Sully Prudhomme, pasóu ô castelán con Rubén Darío, con Herrera Reissig e os máis iniciadores e creóu un espírito poético que, sometido á diversos influxos, produxo a lírica ibérica de principios de século, n-algúns poetas –como Blanco Amor– xa, certo, de abondo alonxada das fontes primitivas.

Por estas razóns, Poema en catro tempos, sinfonía do mar, de excelente orquestración, é, no intento, un poema de vangarda; mais no ritmo, na idea, no espírito, se traluz unha esencia menos avanzada, a esencia de aquela estirpe poética de que é criatura Blanco Amor.

Ninguén nos tempos modernos, agás Manuel Antonio, cantara en galego tan amorosamente ô mar. Se non houbera escrito De catro a catro, Poema en catro tempos marcaría un fito na historia da nosa lírica.

Casas, Augusto María, «Blanco Amor y su cancionero», *La Zarpa*, s/d, 1928.

Nueve años de ausencia, imprimieron en el espíritu exquisito de Eduardo Blanco Amor una dirección más profunda hacia la literatura vernácula. El rumbo de su juventud emigrante dobló el horizonte esquivo y lejano que llevaba en el alma como único equipaje en su periplo aventurero. Quizá este extraño emigrante presentía el retorno de su partida. A tierras de América se fue un día, como buen gallego, para ver mundo, y hoy retorna, ansioso de mirar y sentir de cerca la tierra nativa que, en su larga ausencia, no dejó un momento de inquietarle con todas las saudosas lejanías...

He aquí por qué en su retorno le vemos llegar con un presente, por valioso, desusado. No viene con aire «americano»; no tararea incongruencias sobre sus hombros el loro políglota que solía acompañar a nuestros hermanos a su regreso a la tierra... No. Viene con el mismo espíritu y el mismo aire con que partió. Parece que esos nueve años de emigración, sirvieron para acercarle más a su Galicia...

Entre sus manos, como un pedazo de tierra que con él iba de aquén para alén, trae un libro: Romances galegos. Blanco Amor llega a su tierra con este regalo espléndido: un libro de buena poesía gallega.

Es verdad: han cambiado los tiempos. Los señores provincianos que tienen el espíritu anidado en la barba, dicen aquello con aire despectivo. Cuando ellos eran mozos otras cosas se usaban. Entonces, el emigrante retornaba hecho un «indiano», con un tesoro en los bolsillos y una miseria en el corazón. Pero hoy, –han cambiado los tiempos– este emigrante que se llama Eduardo Blanco Amor y retorna a su tierra, viene con un Perú espiritual: ¡un libro!

Se presentía su llegada así. Toda su alegría de triunfador, palpita en amor emocionado a todo lo largo de su Romancero. Páginas llenas de presencia de sus lares. Nueve años han ido madurando estos poemas. Los hombres mueren y los libros quedan. Los hombres luchan, viajan, sueñan; mientras el espíritu, lento y continuo, madura las lembranzas bajo todos los cielos.

Yo quiero saludar con mis mejores palabras a este buen emigrante, que llega, nos da la mano... ¡Y nos regala un libro! El hecho es para levantar los brazos para que el mismo viento llegue hasta él alborozado.

* * *

Como poeta, Eduardo Blanco Amor es uno de los más altos valores de la lírica gallega. Su libro –Romances galegos, Buenos Aires, 1928– es una verdadera maravilla, joya espléndida de nuestro actual renacimiento literario.

Blanco Amor no se ha dejado llevar por las peligrosas diabluras de vanguardia. Como gallego, ebrio de emoción y tradición, bebió en la fuente medieval de los Cancioneiros. Un verso de Ayras Carpancho en su liminar: «Por fazer romaría pug'eu meu corazón».

Forman el libro, además de los Romances, «Os nocturnos», «Témporas», «Toda humilde beleza», «Amor», «Mar». Indudablemente, lo mejor del libro son los romances. Uno, cogido al azar, servirá para que el lector aprecie su alta calidad: me refiero al Romance a un amor de lonxe, del que son los siguientes versos: Amor que chegas de novo / para qué vesme a buscar? / Ben soio estaba n'a calma, / ben n'a miña soedá, / Chegaches o meu silencio / ledo se puxo a cantar; / chegaches e as ponlas secas / diron en s'engalanar; / chegaches e un pó d'espranzas / s'ascendeu n'a escuridá... / ¡Meu silencio treizonoume, / treidora miña soedá! / ¿Amor que chegas de novo / para qué vesme a buscar?

Estos versos, impecables de fondo y forma, llenos de espontaneidad y sensibilidad, son dignos de nuestro mejor cancionero. Y así todos los romances, donde el poeta se ha dejado ir con más emoción y pureza lírica; romances llenos de engebrismo, perfectos, exquisitos...

A fuer de sincero, me obligo a considerar que el libro flojea en aquellos poemas, en los que, preocupado el poeta por exteriorizar su agilidad lírica, no expresa, acaso, lo que quiere ser fundamental en este libro: engebrismo. Por ejemplo:

O sol todas as mañás / seus 40 grados forxa, / e reconta o paspallás / sete moedas na sua gorxa.

Se me argüirá que estos cuatro versos son un feliz acierto de imagen. Es cierto. Pero Blanco Amor quisiera su libro asolagado en la emoción soberbia de sus romances. Y para demostrarnos su extraordinaria capacidad lírica bastaba con no salir de aquella parte inicial: los cancioneros.

Una parte interesante es «Os noiturnios». En esta, la emoción vuelve a su cauce, desbordándose. A mi parecer, en «Os noiturnios», es donde Blanco Amor hace un vuelo más alto y libre, y por ende, personal: ¡Ti, breve píllara, sangal pelouriña, / aña que paces n' o fúlxico conto / toda enrizada de neve albariña: / cousa radiosa, pingota d' abrete, / deixa os lameiros dos ceos e vento / si queres ser miña fada madriña!

* * *

En fin, a enriquecer la lírica vernácula, trae este libro de versos gallegos, Eduardo Blanco Amor. Romances galegos es uno de los mejores libros de nuestro renacimiento literario.

Rompe este libro un prejuicio nuestro. Cuando a mis manos llegaba un libro gallego editado en América, le comenzaba a leer con precaución. Pocas veces el temor quedaba chafado. Pero «Romances galegos», no sólo tiene alcornia, sino también elegancia y presencia real. Mientras el hombre emigrante iba laborando nueve años de ausencia, el espíritu gallego, iba madurando un libro de poemas con sol de saudades y presencias cordiales.

Critias, «Romances galegos», *Céltiga*, nº 92, 25 de outubro de 1928.

Sacudimos ¡con cuánto esfuerzo! esta molicie del mar, esta calma sedante del foumoir del «Werra», donde hundimos la flojedad de nuestros nervios galvanizados por casi dos lustros de vida americana y recomenzamos nuestra labor «céltica» para comentar este libro, de un bien amado compañero. Justamente, esta apretada afinidad, este amor entrañable, esta inseparable proximidad que nos liga al autor de Romances con indestructibles vínculos, convierte nuestra labor crítica en pesada y delicadísima tarea, ya que, al referirnos a Blanco-Amor para juzgar su libro inicial, no sabemos hasta qué punto nos dejaremos arrastrar por esta honda amistad que nos enlaza y que tanto puede llevarnos al involuntario ditirambo, como al extremo recelo de objetivar demasiado el comentario sobre su flamante obra y pasar temerosamente por encima de sus méritos, cuya denuncia pudiera parecer elogio gratuito y destruir la serenidad que tratamos de imprimir siempre a estos ligeros comentarios.

